

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 30 DE XANEIRO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta de xaneiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde en funcións, don Juan González Leirós, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con excusa, don Óscar A. García Patiño, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30 de xaneiro de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202001301902470000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2019, á sesión extraordinaria do día 16 de decembro de 2019 e á sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2019, supletoria da correspondente ao día 26 de decembro de 2019

Acceso á videoacta – 00:00:51 horas

O señor presidente pregunta se algún dos membros do Pleno municipal ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2019, á sesión extraordinaria do día 16 de decembro de 2019 e á sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2019, supletoria da correspondente ao día 26 de decembro de 2019.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2019 (os seis concelleiros de UxC que se relacionan: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; os dous concelleiros do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM)

- dezanove concelleiros na sesión extraordinaria do día 16 de decembro de 2019 (os sete concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros do PP que se relacionan: don Juan María Abalo Castex e dona Marta María Vázquez Golpe; os dous concelleiros do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM)
- dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2019 (os seis concelleiros de UxC que se relacionan: don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; os dous concelleiros do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM)

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía núm. 1/2020, de modificación da delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local

Acceso á videoacta – 00:01:20 horas

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 1/2020, do 30 de decembro de 2019, que se transcribe literalmente a continuación:

«Vista a Resolución da Alcaldía 1324/2019, de 1 de xullo, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local que literalmente se transcribe a seguir:

“O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non

supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparelada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación local, as competencias que o artigo 118 da LCSP atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, e a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución”.

Visto que ao amparo do segundo parágrafo, punto 1, do resolvendo primeiro, se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para adxudicar as concesións do dereito de uso privativo sobre as urnas e cinseiros no Cemiterio Municipal de Cambre en tanto que se lle atribúe “a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local”.

Facendo uso das atribucións que me outorgan os artigos 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 71 do Regulamento orgánico municipal, 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal, 61.4 da Lei 5/1997, 50 do Regulamento orgánico municipal, 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 44 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar o parágrafo segundo do punto 1, resolvendo primeiro, da resolución desta alcaldía número 1324/2019, do 1 de xullo, exceptuando da “adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local” as concesións do dereito de uso privativo sobre as urnas e cinseiros no cemiterio municipal.

Segundo: A Resolución número 1324 /2017, do 1 de xullo, queda redactada do teor literal seguinte:

“O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local, salvo a concesión do dereito de uso privativo sobre urnas e cinseiros no cemiterio municipal, e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación local, as competencias que o artigo 118 da LCSP atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, e a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución”.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución.»

Vista a toma de coñecemento polos concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de xaneiro de 2020.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do pleno municipal toman coñecemento da Resolución de Alcaldía de referencia.

2.2. Proposta da Alcaldía de incoación de expediente para a transformación en mancomunidade, do Consorcio As Mariñas

Acceso á videoacta – 00:01:35 horas

Vista a proposta da Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O réxime xurídico dos consorcios modificouse polo establecido na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e recolleuse na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. A aprobación do Consorcio realizouse por Resolución de 18 de xullo de 2000 conforme co disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 150 e seguintes, así como os 137 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia: *“Os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, constitúen un consorcio local, sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro conforme ás previsións estatutarias, de conformidade co establecido nos artigos 37 a 40 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17-6-1955; artigos 3, 26, 47.3º b), 57, 85 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; artigos 35, 36 e 110 do R.D. lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; artigos 2 ao 6, 8, 137 e ss., 149 ao 152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia; así como Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos; demais concordantes e de aplicación.”*

A orde do 10 de decembro de 2008 modificou os estatutos do Consorcio As Mariñas.

TERCEIRO. Aprobouse por maioría absoluta de cada pleno de todos os concellos que conforman o consorcio o acordo de incoación do expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas entre os Concellos de Abegondo (25.03.2015), Arteixo (12.03.2015), Bergondo (05.03.2015), Betanzos (09.03.2015), Cambre (23.12.2014), Carral (26.03.2015), Culleredo (12.03.2015), Oleiros, (26.02.2015) e Sada (23.03.2015) todos eles da Provincia da Coruña, coa finalidade de proceder á xestión común do servizos que ven prestando actualmente o Consorcio As Mariñas.

En data 22.09.2015 a comisión xestora acordou convocar a asemblea integrada por todos os concelleiros dos concellos interesados para que aprobe provisionalmente o texto inicial.

CUARTO. No pleno extraordinario e urgente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidade, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista.

QUINTO. En data 04.04.2016 o Presidente da comisión xestora enviou escrito ao Concello de Arteixo para que achegue acordo formal onde se mostre a súa vontade de continuar ou non cos trámites previstos.

SEXTO. O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidade aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidade. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016

resolveu as alegacións e remitiu o texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe. Este expediente foi suspendido mediante acordo da comisión xestora de data 04.11.2016.

SÉTIMO. En data 06.06.2016 o Pleno do Consorcio reiterou a solicitude para que adoptase o acordo no próximo pleno ordinario que celebre o concello de Arteixo.

OITAVO. En data 06.10.2016 o Concello de Oleiros presentou unha moción para adaptar os Estatutos do Consorcio.

NOVENO. Varios membros do Consorcio de As Mariñas e o Concello da Coruña asinaron o 20.10.2016 unha declaración para que se inicien os trámites de conformación da área metropolitana.

DÉCIMO. O 02.12.2016 o Pleno do Consorcio das Mariñas aprobou inicialmente a modificación dos Estatutos para adaptarse ao preceptuado na disposición transitoria sexta da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRO. O 29.12.2016 o Concello de Arteixo acorda en Pleno ordinario o exercicio do dereito de separación do Consorcio As Mariñas, o que foi comunicado na mesma data ao Consorcio.

DÉCIMO SEGUNDO. No pleno do Consorcio de data 04.11.2016 Presidencia propuxo a aprobación inicial da modificación dos estatutos, asunto que quedou pendente por varias propostas de mellora no texto de Estatutos.

DÉCIMO TERCEIRO. O Pleno do consorcio, con data 17.11.2017 aprobou, cos efectos previstos no artigo 126 da lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, a liquidación provisional pola saída de Arteixo do Consorcio das Mariñas conformada pola cota de separación do consorcio do Concello de Arteixo e que a data de separación do concello de Arteixo sexa efectiva o 31 de decembro de 2017. En data 18.12.2019 acordou a saída definitiva do Concello de Arteixo.

DÉCIMO CUARTO. O Pleno do consorcio con data 18.12.2019 aprobou solicitar aos concellos para que inicien o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 25.2.j) e c) e art. 26)
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- Os artigos 22.2.b), 44 e 47.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Os artigos 35 e 36 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- A Lei 5/1997 do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.
- Os artigos 31 a 39 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial.
- Real decreto 382/1986, do 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o funcionamento do rexistro de entidades locais.
- A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- A Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O procedemento para a adaptación dos Estatutos do Consorcio será o seguinte [Seguindo as regras previstas para a creación dunha mancomunidade, de acordo ao establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a lei 5/1997]:

A iniciativa para a constitución de Mancomunidades deberá ser aprobada por cada un dos municipios que a asuman mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Concello.

A elaboración dos estatutos, dos que o contido mínimo será o que se sinala no artigo 142 da Lei 5/1997, será competencia da Comisión Xestora, que os aprobará inicialmente, e a súa aprobación provisional corresponderalle a unha asemblea integrada por tódolos concelleiros dos concellos interesados. Esta asemblea será convocada polo presidente da Comisión Xestora, e para a súa válida constitución requirirá a asistencia, polo menos, da maioría absoluta dos membros de dereito dela, cumprindo a presenza, como mínimo, dun representante de cada municipio

O proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, polo prazo dun mes, a informe da Deputación ou das deputacións provinciais interesadas, entenderase favorable se no devandito prazo non fose emitido e expoñerese a información pública por un período dun mes para que sexan presentadas, por parte dos interesados, as observacións ou suxestións que estimen precisas.

Rematado o prazo de información pública e antes da aprobación definitiva, seranlle remitidos os estatutos, xunto coa resolución das reclamacións que fosen presentadas, á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, e esta poderá formular as observacións de legalidade así como as suxestións e propostas que considere convenientes. Se do informe ó que se refire o parágrafo anterior resultasen modificacións do proxecto de estatutos provisionalmente aprobado, someteranse aquelas á consideración da Comisión Xestora, que, de non aceptalas, estará obrigada á convocatoria da asemblea de concelleiros para unha nova discusión delas. Tras esta nova xuntanza da asemblea decidírase se se continúa ou non co procedemento ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

Os Estatutos da Mancomunidade deberán ser aprobados polos Plenos dos respectivos Concellos, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Por outra banda, de acordo co artigo 127.5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público as entidades consorciadas poderán acordar, coa maioría que se estableza nos estatutos, ou a falta de previsión estatutaria por unanimidade, a cesión global de activos e pasivos a outra entidade do sector público xuridicamente adecuada coa finalidade de manter a continuidade da actividade e alcanzar os obxectivos do consorcio que se extingue. A cesión global de activos e pasivos implicará a extinción sen liquidación do consorcio cedente.

SEGUNDA. O artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recoñece aos Municipios o Dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios. As Mancomunidades non poderán asumir a totalidade das competencias asignadas aos respectivos Municipios.

TERCEIRA. Os Estatutos das Mancomunidades municipais haberán de expresar, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Os municipios que comprende a Mancomunidade.
- b) lugar en que radiquen os seus Órganos de Goberno e Administración.
- c) número e forma de designación dos representantes dos Concellos que han de integrar os Órganos de Goberno da Mancomunidade.
- d) Os fins da Mancomunidade e as súas competencias.
- e) Os seus recursos económicos.
- f) prazo de duración.
- g) procedemento para modificar os Estatutos.
- h) As súas causas de disolución.

CUARTA. De acordo co Real Decreto 382/1986, do 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais, no prazo dun mes desde a constitución do órgano de goberno da Mancomunidade, deberase solicitar polo seu Presidente a inscrición no Rexistro de Entidades Locais.

Dado que o inicio do expediente deberá referendarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada un dos Concellos que asuman a iniciativa, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade, con motivo da transformación do Consorcio As Mariñas, isto de conformidade co establecido nos arts. 137 e 138 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Segundo: Designar ao señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, como representante da Corporación de Cambre, que pasará a formar parte da Comisión Xestora que se constituirá de conformidade co establecido no artigo 138 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia.

Terceiro: Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria de 23 de decembro de 2014, respecto da constitución dunha mancomunidade.

Cuarto: Facultar ao alcalde-presidente para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios.”

Consta o informe favorable emitido pola secretaria municipal con data do día 22 de xaneiro do ano que andamos.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 23 de xaneiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, cúmplase coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Proposta de participación na subvención do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e aprobación do proxecto singular a presentar

Acceso á videoacta – 00:07:50 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 16 de xaneiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«No marco actual de concienciación medioambiental e necesidade de redución de consumos enerxéticos e de emisións de CO₂ dende a Concellería de Urbanismo e Obras propónse a necesidade de acometer unha reforma da iluminación pública de determinadas zonas para substituír os sistemas actuais por sistemas de iluminación LED co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética.

Para financiar este proxecto preténdese optar a unha subvención dentro da convocatoria establecida no Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais

que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, publicado no BOE do 17 de xuño de 2017, modificado posteriormente polo Real Decreto 316/2019, publicado no BOE do 30 de abril de 2019. Conforme ao establecido nas citadas bases correspóndelle á EPE Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE) a xestión das selección dos proxectos e a asignación das axudas que lles correspondan.

Conforme ao establecido nas bases, as subvencións outorgaranse polo IDAE aos proxectos singulares de economía baixa en carbono presentados polas entidades locais por orden de prelación ata esgotar o orzamento dispoñible.

O Concello de Cambre pretende presentar un proxecto constituído por 4 actuacións nos núcleos da Barcala, Cambre, Temple e Espírito Santo. Para cada unha destas actuacións haberá que presentar unha memoria co contido que se establecen nas bases xunto coa documentación técnica requirida polas mesmas. Tendo en conta que é importante solicitar a subvención no menor tempo posible xa que a adxudicación da subvención segue a orde de prelación ata esgotar o orzamento e o volume de documentación técnica é moi elevado, contratouse un técnico externo para a súa elaboración, xa que os técnicos municipais non podían afrontalo pola elevada carga de traballo que soportan. Esta documentación foi presentada polo técnico externo, Guillermo Penedo Cobelo, enxeñeiro industrial colexiado núm. 1919, coa data de entrada do 30 de decembro de 2019 e número de rexistro 999/2233 e, unha vez revisada, foi informada positivamente polo enxeñeiro técnico municipal, Ignacio Fernández Díaz, coa data do 14 de xaneiro de 2020.

Tendo en conta o establecido no artigo 12 das citadas bases, de formulación de solicitudes e documentación a presentar.

Tendo en conta que de conformidade co disposto no artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde en todo caso, ao Pleno Municipal a aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a participación do Concello de Cambre no procedemento de concesión de subvencións regulado polo Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, publicado no BOE do 17 de xuño de 2017, modificado posteriormente polo Real Decreto 316/2019, publicado no BOE do 30 de abril de 2019. O proxecto singular que se presenta se desenvolvería nun período de tres anos, e tendo en conta os prazos establecidos nas bases da subvención, se realizarían moi probablemente entre os anos 2021 ao 2023. Esta aprobación supón que o Concello de Cambre acepta expresamente o procedemento regulado polos citados Reais Decretos.

Segundo: Aprobación das actuacións incluídas no proxecto singular "Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante a implementación de solucións LED" que contén catro actuacións nos núcleos de poboación indicados, no marco da Medida 6 das bases (Renovación de instalacións de alumeado, iluminación e sinalización exterior). A dotación orzamentaria para levar a cabo estas actuacións quedará condicionada á obtención do cofinanciamento FEDER para levala a cabo.

Terceiro: Aprobación das memorias descritivas das actuacións a realizar:

- Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública do núcleo poboacional da Barcala mediante a implementación de solucións led
- Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública do núcleo poboacional de Cambre mediante a implementación de solucións led
- Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública do Polígono do Espírito Santo mediante a implementación de solucións led
- Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública do núcleo poboacional de Temple mediante a implementación de solucións led»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 23 de xaneiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Aprobación definitiva, se procede, do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a realización dun espazo dotacional público en Anceis

Acceso á videoacta – 00:10:37 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 17 de xaneiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“En relación co Plan especial de infraestruturas e dotacións para a realización dun espazo dotacional público en Anceis, redactado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo e pola bióloga Paula Fernández Otero, e aprobado provisionalmente pola resolución da Alcaldía núm. 1941/2019 con data do 24 de setembro de 2019.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 13 de xaneiro de 2020.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con data do 16 de xaneiro de 2020.

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo e Obras elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

1º.- Aprobar definitivamente o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a realización dun espazo dotacional público en Anceis redactado polo arquitecto Alfonso Botana Castelo e pola bióloga Paula Fernández Otero, aprobado provisionalmente pola resolución da Alcaldía núm. 1941/2019 con data do 24 de setembro de 2019, de conformidade cos artigos 36.4 e 75 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

2º.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, así como da normativa e ordenanzas deste Plan especial no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co artigo 82.2 e 3 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

3º.- Inscribir este Plan especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia unha vez publicado este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e antes da publicación da súa normativa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co artigo 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

4º.- Notificar individualmente o presente acordo de aprobación definitiva a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, de acordo co artigo 186.4 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.”

Consta nota de conformidade da secretaria municipal no informe-proposta emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 23 de xaneiro de 2020.

Faise constar que durante o debate, os voceiros do PP, BNG, AV e a concelleira de C's, de conformidade co disposto no artigo 109.1 do Regulamento orgánico municipal, solicitan que o asunto se retire da orde do día.

Así pois, finalizado o debate, polo presidente sométese a votación a petición de que o asunto se retire da orde do día, co seguinte resultado: Votan a prol da retirada os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei).

O Pleno municipal, por once votos en contra, rexeita retirar o asunto da orde do día.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre referente á localización de diversas edificacións e actividades

Acceso á videoacta – 01:03:55 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 17 de xaneiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“En relación co proxecto de Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre referente a localización de diversas edificacións e actividades redactado polo arquitecto don Alfonso Díaz Revilla da Oficina de Planeamento, S.A..

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 2 de decembro de 2019.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior con data do 16 de xaneiro de 2020.

Por esta Concellería delegada da Área de Urbanismo e Obras elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

1º.- Aprobado inicialmente a Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre referente a localización de diversas edificacións e actividades redactada polo arquitecto don Alfonso Díaz Revilla da Oficina de Planeamento, S.A..

2º.- Someter este instrumento de planeamento, así como o seu expediente, a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co artigo 60-6 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

3º.- Trasladar esta documentación a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, de conformidade co apartado 7 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

4º.- Solicitar os informes sectoriais non autonómicos preceptivos esixidos despois da aprobación inicial de conformidade coa lexislación vixente.

5º.- Suspender o outorgamento de títulos habilitantes de natureza urbanística ou de actividades, xa sexan licenzas ou comunicacións previas, que teñan que ver coa instalación de gasolinerías, estacións de servizo ou instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos, instalacións das actividades de ocio e esparexemento de cafés-cantante, cafés-concerto, cafés-teatro, discotecas, salas de baile, salas de festa, tablaos flamencos ou similares, e de talleres mecánicos e de chapa e pintura de automóviles nos solos urbanos residenciais e de núcleo rural do termo municipal de Cambre durante o prazo máximo de dous anos contado a partir da data da aprobación inicial deste instrumento de planeamento, que se extinguirá en todo caso coa súa aprobación definitiva, de conformidade co artigo 47-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.”

Consta nota de conformidade da secretaria municipal no informe-proposta emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 23 de xaneiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por once votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Designación de vicepresidente/a do Consello Escolar Municipal

Acceso á videoacta – 01:11:39 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, de data 16 de xaneiro de 2020, coa modificación do representante da administración educativa, tal e como se transcribe a continuación:

“O 5 de xuño de 2019 tivo lugar a sesión constitutiva do Consello Escolar Municipal de Cambre.

Segundo o punto 1. da orde do día da citada sesión, *Constitución CEMC*, quedaron nomeados os seguintes membros que o constitúen:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Presidente:	O alcalde de Cambre - Óscar A. García Patiño
Representante designado pola Administración Educativa	Juan Carlos Varela Vázquez
Pai proposto pola Federación da ANPAs	José Manuel Calvo Noya
Nai proposta pola Federación da ANPAs	Ana Neira Carral
Pai proposto pola Federación da ANPAs	Carlos Sánchez Carretero
Pai proposto pola Federación da ANPAs	José Benito Iglesias Folgueira
Profesora proposta polo Sindicato da CIG	Inmaculada Otero Varela
Profesora proposta polo Sindicato da CIG	Lucía Vérez Vivero
Profesor proposto polo Sindicato da CIG	Rubén Neira Caridad
Profesora proposta polo Sindicato de CCOO	María Belén Vidal Marcote
Profesora proposta polo Sindicato de CCOO	Manuela Parada Serantes
Sindicatos – CSIF	No presentan representante
Profesora proposta polo Sindicato da ANPE	M ^a Carmen Freire Pintor
Alumna do IES Afonso X O Sabio	Elvira Figueroa Quintana
Alumno do IES Afonso X O Sabio	Cristian García Seoane
Alumno do IES Afonso X O Sabio	Nicolás Guimarey Sabio
Director elixido pola Corporación municipal	Antonio Gil Gómez
Directora elixida pola Corporación municipal	Anunciación Ferro Fojo
Directora elixida pola Corporación municipal	M ^a del Carmen Mosquera Castro
Director elixido pola Corporación municipal	Félix Rodríguez Sanjurjo
Representante da Asociación de veciños "O Palco de Meixigo"	Vanessa Mato Santiso
Representante da Asociación Amas de Casa de Bribes	Ana Rodríguez López
Representante da Asociación Amas de Casa "Vagalume" Brexo	Patricia Suárez Casas

Na sesión constitutiva resultou elixida secretaria do Consello Escolar Municipal dona Anunciación Ferro Fojo.

Así mesmo, no punto 5 da orde do día da sesión, *Fixación de prazo para presentar candidatura a Vicepresidente/a*, estableceuse o prazo entre o 10 e o 14 de xuño para presentación de candidaturas á Vicepresidencia, sen que no citado prazo se teña presentado ningunha candidatura.

Na sesión do Pleno do Consello Escolar Municipal de Cambre celebrada o día 6 de novembro de 2019, dentro do punto 2 da orde do día, tomouse coñecemento da baixa dun dos membros do CEMC, Elvira Figueroa Quintana, designada en representación do alumnado, por ter causado baixa no centro escolar.

Así mesmo, no punto 4. *Fixación do prazo de presentación de candidaturas a Vicepresidente/a do CEMC para a súa elección polo Pleno da Corporación Municipal*, fixouse un novo prazo de 15 días, a contar dende o día 7 de novembro, para a presentación de candidaturas, sen que se teña presentado ningún candidato.

Tendo en conta o establecido no artigo 5.1. do Regulamento orgánico do CEMC, segundo o cal correspóndelle ao Pleno municipal a elección do/a vicepresidente/a de entre os membros do CEMC, **formulo á Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade** a seguinte proposta para o seu ditame favorable, se procede:

A elección do/a vicepresidente/a do CEMC levarase a cabo mediante o seguinte procedemento

- Ao tratarse da elección dunha persoa a votación será secreta (artigo 120.3 ROM)
- Os/as concelleiros/as serán chamados por orde alfabética do primeiro apelido e depositarán, en sobre pechado, a seguinte papeleta na urna colocada na mesa presidencial para tal fin:

Deberá sinalarse cun **X** un/ha único/a candidato/a. En caso de marcar máis dunha opción a papeleta resultará nula.

CANDIDATURAS Á VICEPRESIDENCIA DO CEMC		VOTO
Representante da Administración Educativa	Isabel García Vila	
Pai proposto pola Federación da ANPAs	José Manuel Calvo Noya	
Nai proposta pola Federación da ANPAs	Ana Neira Carral	
Pai proposto pola Federación da ANPAs	Carlos Sánchez Carretero	
Pai proposto pola Federación da ANPAs	José Benito Iglesias Folgueira	
Profesora proposta polo Sindicato da CIG	Inmaculada Otero Varela	
Profesora proposta polo Sindicato da CIG	Lucía Vérez Vivero	
Profesor proposto polo Sindicato da CIG	Rubén Neira Caridad	
Profesora proposta polo Sindicato de CCOO	María Belén Vidal Marcote	
Profesora proposta polo Sindicato de CCOO	Manuela Parada Serantes	
Profesora proposta polo Sindicato da ANPE	M ^a Carmen Freire Pintor	
Alumno do IES Afonso X O Sabio	Cristian García Seoane	
Alumno do IES Afonso X O Sabio	Nicolás Guimarey Sabio	
Director elixido pola Corporación municipal	Antonio Gil Gómez	
Directora elixida pola Corporación municipal	M ^a del Carmen Mosquera Castro	
Director elixido pola Corporación municipal	Félix Rodríguez Sanjurjo	
Representante da Asociación de veciños "O Palco de Meixigo"	Vanessa Mato Santiso	
Representante da Asociación Amas de Casa de Bribes	Ana Rodríguez López	
Representante da Asociación Amas de Casa "Vagalume" Brexo	Patricia Suárez Casas	

- Resultará elixida a candidatura que reciba o maior número de votos.
- En caso de empate procederase a unha segunda votación entre os/as candidatos/as que tiveran obtido o maior número de votos e, de persistir o empate, resolverase por sorteo.
- En caso de dúbida respecto da validez dalgunha papeleta, resolverá o Pleno por maioría simple"

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 23 de xaneiro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxG (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

A continuación, e de conformidade co establecido nos artigos 119 e 120.3 do Regulamento orgánico municipal, os vinte concelleiros asistentes á sesión proceden á elección de vicepresidente/a do Consello Escolar Municipal, en votación secreta mediante papeleta.

Logo do reconto por parte dos membros da mesa presidencial, o resultado é o seguinte:

Representante da Administración Educativa	Isabel García Vila	3 votos
Nai proposta pola Federación da ANPAs	Ana Neira Carral	3 votos
Alumno do IES Afonso X O Sabio	Cristian García Seoane	1 voto
Representante da Asociación de veciños "O Palco de Meixigo"	Vanessa Mato Santiso	2 votos
Representante da Asociación Amas de Casa de Bribes	Ana Rodríguez López	4 votos
Representante da Asociación Amas de Casa "Vagalume" Brexo	Patricia Suárez Casas	7 votos

Así pois, o Pleno municipal, por sete votos a prol, **ACORDOU:**

Primeiro: Designar vicepresidenta do Consello Escolar Municipal á representante da Asociación Amas de Casa "Vagalume" Brexo, don Patricia Suárez Casas.

Segundo: Notificar á interesada e ao Departamento de Educación, para os efectos oportunos.

2.7. Aprobación, se procede, das bases, ficha, inscrición e orzamento do Certame literario Xoán Díaz-Cambre 2020

Acceso á videoacta – 01:19:57 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 20 de xaneiro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

"O artigo 9.2 da Constitución española establece que "Corresponde aos poderes públicos [...] facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social."

Os concellos son as administracións máis próximas aos cidadáns con competencias en materia de promoción cultural, deportiva e de ocio e tempo libre. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, no seu artigo 25, punto 2 apartado m), establece entre as súas competencias a "promoción da cultura e equipamentos culturais".

O municipio afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización da cultura, orientando a súa estratexia cara a consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade nos equipamentos e recursos técnicos e humanos.

Segundo o establecido no artigo 3 da lei 5/2016 de 5 de maio de patrimonio de Galicia, as Administracións locais deben colaborar na salvagarda e na conservación do patrimonio cultural, fomentado o goce e estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade. Así mesmo, o artigo 3 punto 1.1º considera "a lingua como vehículo do patrimonio cultural e inmaterial, regulada pola súa normativa específica".

A lei 3/1983, de 15 de xuño, no artigo 25 establece que "as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras".

Ao mesmo tempo, a propia ordenanza municipal de normalización lingüística publicada no BOP núm. 19, do 24 de xaneiro de 2009, no artigo 2 punto 4, di que: "O Concello manterá un Servizo de Normalización Lingüística co obxectivo de impulsar a normalización do galego a todos os niveis e coordinar as accións necesarias para dar cumprimento a esta ordenanza".

Con tal motivo, unha das actividades que promove a Concellaría de Cultura, Deportes e Mobilidade desde hai 25 anos é o Certame Literario de Poesía e Narración Breve que, na súa XXV edición, incorporou unha nova proposta literaria: o microteatro. O obxectivo do certame, desde o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Cambre, é estimular a participación activa da xuventude no eido da creación artística e, máis concretamente, no da escrita en galego.



Por todo isto, propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases e a convocatoria da XXVII Edición do Certame Literario - Xoán Díaz do Concello Cambre 2020.

“BASES DA XXVII EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2020

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos cumpridos antes da data límite de presentación das propostas, segundo as seguintes categorías:

CATEGORIA A:	de 12 a 14 anos
CATEGORIA B:	de 15 a 18 anos
CATEGORIA C:	de 19 a 26 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das tres modalidades: Poesía, Narración breve e Microteatro.

- Modalidade de poesía: presentarase tres poemas como mínimo, de tema e forma libres.
- Modalidade de narración breve: a extensión máxima será de cinco páxinas por unha soa cara e o tema libre.
- Modalidade de Microteatro: a extensión será de entre 5 e 10 páxinas, a unha soa cara, con tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.

CUARTA.- Deberán estar escritos con ordenador, en papel de tamaño A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12; paxinados e sen asinar.

QUINTA.- Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos Institutos do Concello de Cambre, nas oficinas de rexistro do Concello de Cambre ou ben seren enviados por correo ordinario, debidamente selados, a:

Concello de Cambre - Área de Cultura, Deportes e Xuventude
Río Barcés, 8 - 15660 Cambre

Neste caso entregaranse orixinal e cinco copias nun sobre no que figure: CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2020, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración, poesía ou microteatro). Cada traballo presentado levará xunto un sobre pechado no que, por fóra, deberán figurar os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén datos persoais e fiscais.

Tamén poden enviarse por correo electrónico ao enderezo certamexoandiaz@cambre.org figurando no asunto o PSEUDÓNIMO do autor. Enviaranse tres arquivos PDF. O primeiro deles coa ficha de inscrición do concursante; no segundo arquivo irá o DNI e, finalmente, no terceiro, o traballo que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

SEXTA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar deserto calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados.

O importe dos premios será de:

CATEGORIA A:	1º Premio: 173,00 €	2º Premio: 128,00 €
CATEGORIA B:	1º Premio: 218,00 €	2º Premio: 150,00 €
CATEGORIA C:	1º Premio: 300,00 €	2º Premio: 173,00 €

Para o financiamento dos premios do Certame existe crédito por importe de 3.426,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2020 334 22706 *Premios e asistencia técnicas promoción cultural* no actual orzamento municipal.

SÉTIMA.- Aos premios practicaránselles as retencións legalmente establecidas. A presentación da ficha de inscrición implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Con carácter previo á concesión comprobarase de oficio que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de ser o caso. De non cumprir estes requisitos han de emendarse polo premiado e acreditarse ante o concello antes do 31 de xullo de 2020. De non emendar neste prazo, declararase a perda do dereito ao pagamento do premio polo interesado.

OITAVA.- Da convocatoria do certame darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

NOVENA.- O prazo de entrega de traballos comeza o día 15 de marzo de 2020 e remata o día 30 de abril de 2020.

DÉCIMA.- A composición do xurado darase a coñecer no acto de entrega de premios, que terá lugar no Salón de Actos do instituto de secundaria *Afonso X O Sabio* o 29 de maio de 2020, ás 12:00 h.

UNDÉCIMA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría e enviarán á dirección de correo electrónico certamexoandiaz@cambre.org os seus traballos en formato de texto editable.

DUODÉCIMA.- Os traballos non premiados destruíranse pasado un mes desde o fallo do xurado.

DÉCIMO TERCEIRA.- O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases."

Segundo: Aprobar a ficha de inscrición do certame:

**“FICHA DE INSCRICIÓN
CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CONCELLO DE CAMBRE 2020**

Modalidade:	Poesía Narración breve Microteatro	Categoría:	Categoría A Categoría B Categoría C
--------------------	--	-------------------	---

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:

NIF:

Domicilio:

Código Postal: Localidade:

Data de nacemento: Idade:

Teléfono:..... /.....

Correo electrónico:

Centro de estudo/traballo:

Datos do representante legal (*se o autor/a é menor de idade e non é titular da conta bancaria*)

Relación co concursante.....

Nome e apelidos (pai, nai ou titor)

DATOS FISCAIS

Titular da conta bancaria: (O titular da conta bancaria pode ser distinto do premiado no caso en que o premiado sexa menor de idade e/ou careza de conta aberta en entidade financeira da súa titularidade)

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 01:21:18 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 01:21:22 horas

Don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, informa que o seu grupo retira unha das mocións presentadas para este pleno, en concreto a moción para instar ao presidente do Goberno a que non acade ningún acordo que vulnere o establecido na nosa Carta Magna e o resto do ordenamento xurídico español, xa que é similar á presentada por C's e a súa intención é propoñer algunha emenda a esa outra moción.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia

Rexistrada de entrada ao núm. 999/131 o día 24 de xaneiro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

«A día de hoxe o Goberno Central segue retendo a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro do ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Facenda e voceira do goberno alegou que era unha cuestión que *“tocaba no ano 2019”* e que *“xa se perdeu esa oportunidade de poder resarcir”*, culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Orzamentos xerais do Estado.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico ningún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus orzamentos.

O Goberno Central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as comunidades autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, xa que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á libre prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos, as comunidades terán que endebedarse e atrasar pagos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, quen ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno Central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supoñer unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS:**

Primeiro: Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do imposto sobre o valor engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de información inmediata.

Segundo: Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

Terceiro: Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por once votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno a aboar a débeda pendente a Galicia.

Acceso á videoacta – 01:26:35 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG en defensa dos postos de traballo en Isidro 1952 - Isidro de la Cal. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas

concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Faise constar que cando son as vinte e unha horas e vinte e sete minutos, durante a lectura da moción, auséntase da sesión dona Mónica Varela Germade, concelleira de UxC.

B) Moción do grupo municipal do BNG en defensa dos postos de traballo en Isidro 1952 – Isidro de la Cal

Rexistrada de entrada ao núm. 0/369 o día 24 de xaneiro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

“A empresa Isidro 1952, continuadora directa da antiga Isidro de la Cal, é por envergadura e historia unha empresa emblemática dentro das industrias do mar nucleadas arredor do porto da Coruña. Falamos dunha firma líder durante décadas na exportación de peixe fresco, que deu no seu día o salto á elaboración de conxelados e que acometeu a principios do século un importante salto de modernidade ao abrir no cambrés polígono do Espírito Santo unha factoría con capacidade para procesar peixe, cefalópodos, crustáceos e moluscos valorada en máis de 100 millóns de € e que a mediados desta década recibiu un novo e definitivo impulso na elaboración de produtos con alto valor engadido ao incorporar a que pasa por ser a mellor e maior liña de produción de sushi do Estado español.

Malia garantir a venda inmediata da práctica totalidade da súa produción, como demostra a inxente carga de traballo soportada polo seu cadro de persoal e as cifras declaradas de facturación, que en determinadas anualidades chegaron a superar os 50 millóns de €, a empresa, hoxe en mans dun artefacto societario, en grande parte descapitalizada e fragmentadas diversas liñas de traballo en distintas razóns sociais, foi incapaz de minguar unha débeda que, segundo fontes do comité de empresa, supera os 70 millóns de € e xustificou a presentación dun ERE no pasado mes de decembro, o atraso no pagamento de nóminas e a incursión en concurso de acredores esta mesma semana, a petición da titularidade da empresa.

A empresa, que mantén a duras penas os seus activos piscícolas, onde ademais do rodaballo e as troitas, sobresaie por ser a primeira e única firma do mundo en criar e comercializar ollomol, sendo pois un emblema do sector mar a nivel internacional, presenta graves e dificilmente explicables problemas de xestión que fan perigar seriamente a pervivencia da empresa e con ela dos postos de traballo, empregos que por certo son, nun número superior aos 200, maioritariamente femininos, a xornada completa, indefinidos e cunha alta cualificación profesional.

Segundo a información facilitada polo comité de empresa, ao longo dos últimos anos, tanto Isidro de la Cal como Isidro 1952 teñen recibido importantes axudas públicas por parte da administración galega a través de diversas liñas de axuda de distintos departamentos da Xunta, nomeadamente do Igape, podendo chegar o monto total aos 20 millóns de €.

Por todo o anterior, o pleno municipal insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro: Aclarar e detallar a situación, contía, orixe e obxecto da totalidade das axudas públicas achegadas á empresa.

Segundo: Realizar un seguimento e control efectivo das axudas, subvencións e créditos efectivizados.

Terceiro: Mediar con acredores, clientes actuais, pasados e potenciais así como posibles investidores.

Cuarto: Asignar os recursos públicos oportunos para garantir a pervivencia da actividade das factorías e o mantemento dos postos de traballo.

Quinto: Exercer as accións xudiciais que de posibles negligencias tanto na xestión da propia empresa como das axudas públicas puidese derivarse.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os seis concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan

Matos, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta – 01:41:32 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG, promovida por Vía Galega, plataforma social en defensa dos dereitos nacionais de Galicia, respecto da emigración galega. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do BNG, promovida por Vía Galega, plataforma social en defensa dos dereitos nacionais de Galicia, respecto da emigración galega

Rexistrada de entrada ao núm. 0/340 o día 22 de xaneiro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

*“Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten pais.
E téis corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos
que ninguén consolará.*

No poema ***Pra a Habana!***, a nosa poeta, ***Rosalía de Castro***, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de *Cantares Gallegos* este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do *Instituto Galego de Estatística*, nos últimos 10 anos (2008-2017 -últimos datos dispoñibles-) emigraron de Galicia 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galicia. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galicia (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu *Pra a Habana!* a poboación de Galicia representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64% . En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galicia no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza minguante" e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galicia como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes **ACORDOS**:

- Dirixirse ao Parlamento de Galicia para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galicia a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.
- Instar ao Parlamento de Galicia a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.
- Deben ser eixes destas políticas:
 - o A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.
 - o A creación de emprego digno e de calidade.
 - o O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.
- O compromiso desde o Goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galicia, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os seis concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta – 01:59:12 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por Ciudadanos en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual Goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción de C's en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual Goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas

Rexistrada de entrada ao núm. 999/89 o día 17 de xaneiro de 2020, xunto cos rogos e preguntas presentados para as comisións informativas ordinarias do mes de febreiro. Consta do seguinte teor literal:

«Nos últimos días temos sido testemuñas, durante as sesións do debate de investidura, dunha situación moi preocupante para a nosa democracia. Despois de que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, consumara a humillación que fixo á democracia española acadando acordos coas forzas nacionalistas que van en contra da unidade do noso país, tamén foi incapaz de defender ao xefe do Estado, á nosa democracia e ás vítimas das blasfemias dun partido como EH Bildu que non condena o terrorismo de ETA.

Por outra parte, a presidenta da Cámara, Meritxell Batet, foi incapaz de aplicar o artigo 103 do Regulamento do Congreso dos Deputados, que lle obriga a chamar á orde cando se atacan institucións do Estado. É intolerable que, no seo da representación política de España, unhas supostas representantes da Cámara chamen autoritario ao xefe do Estado ou digan que lle importa “un comino” a gobernabilidade do noso país.

En momentos tan complicados para España como é o que actualmente estamos vivindo, a figura do rei Felipe VI é imprescindible. Non é van, o xefe do Estado está recoñecido como figura constitucional, dentro do precepto que contempla a monarquía parlamentaria como a forma política do noso Estado. Neste preocupante momento, desde os poderes políticos estanse cuestionando piares básicos da nosa democracia como a xefatura do Estado e o Poder Xudicial, ademais doutras institucións garantes da transparencia e o bo funcionamento dos nosos procesos electorais como a Xunta Electoral Central.

Por outro lado, o actual presidente de España, Pedro Sánchez, ten outorgado ao separatismo unha mesa de negociación á marxe do Parlamento elixido democraticamente polos cidadáns, abrindo a porta a unha mesa bilateral entre Cataluña e España como se se trataran de estados independentes. A dita concesión atópase totalmente fóra das canles establecidas pola Constitución e incluso o do propio Estatuto de Autonomía catalán.

Nesta circunstancia, debemos lembrar e reafirmar a nosa obriga como representantes públicos de acatar e respectar a democracia, a Constitución e o ordenamento xurídico. Por iso, faise absolutamente necesario amosar apoio a todas as institucións democráticas contempladas na nosa Constitución e, ao mesmo tempo, se reprobem os discursos en sede parlamentaria que afirmaban que existe unha dicotomía en España entre “democracia” e autoritarismo”.

Por todo o exposto, dende C's Cambre fórmulanse as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

Primeiro: Que o Concello de Cambre amose o seu apoio e respecto ao ordenamento xurídico español e a todos os órganos constitucionais, incluídos a Xefatura do Estado.

Segundo: Que o Concello de Cambre inste ao grupo parlamentario EH-Bildu para que o seu voceiro se retracte das palabras que, contra a Coroa e a nosa democracia, proferiu no pleno de investidura do pasado 4 de xaneiro de 2020.

Terceiro: Que o Concello de Cambre inste ao actual presidente do Goberno a non realizar concesións aos grupos independentistas para levar a cabo a creación dunha “mesa de negociación institucional entre os gobernos de España e Cataluña.”

Cuarto: Que o Concello de Cambre inste ao presidente do Goberno a que cumpra a súa promesa de recuperación do delito de referendo ilegal.»

Don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, proponlle á concelleira de C's incluír na moción tres das propostas de acordo que o PP formulaba no texto da moción que retiraron da orde do día, e que de seguido se relacionan:

- Que o Concello de Cambre inste ao presidente do Goberno de España a non asumir a terminoloxía independentista que pretende substituír o problema de convivencia existente en Cataluña por un suposto conflito político.
- Que o Concello de Cambre inste ao presidente do Goberno de España a que non se estableza diálogo ningún fóra das institucións recollidas na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Cataluña.
- Que o Concello de Cambre inste ao presidente do Goberno de España a facer públicas as esixencias dos independentistas para que todo o pobo español, en quen reside a soberanía nacional, poida coñecer con transparencia as concesións que se realizarán aos independentistas.

Dona María José García Hidalgo, concelleira de C's, acepta a inclusión dos tres puntos propostos polo PP.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os seis concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeita a moción presentada por C's, coas modificacións propostas polo PP, en apoio aos órganos constitucionais e para instar ao actual Goberno de España a non realizar concesións aos grupos independentistas.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Faise constar que este punto da orde do día tratouse ao final da sesión plenaria, despois da rolda de preguntas.

4.2. Rogos

Acceso á videoacta – 02:12:57 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/404 o día 27 de xaneiro de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:13:03 horas

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Teñen sido varias as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se ten interesado, a requirimento dos nosos veciños, polo estado das fontes e lavadoiros, entre outras infraestruturas do noso municipio. Neste caso, centramos a nosa petición na fonte de San Antonio, na parroquia de Anceis, ámbito de gran beleza enclavado en pleno Camiño Inglés a Santiago, especialmente maltratado ao seu paso polo noso municipio, cuxo estado de limpeza na actualidade deixa moito que desexar, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan ao presente rogo.

Ás humidades, plásticos e falta de limpeza únense as herbas que cobren este belo recuncho do noso municipio, denotando o deixamento do noso goberno no seu mantemento, situación agravada este ano 2020, véspera do Ano Santo 2021.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite do equipo de goberno a adopción das medidas pertinentes para resolver á maior brevidade posible as deficiencias advertidas.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, non acepta o rogo e dá conta das actuacións xa realizadas.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:15:25 horas

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Unha vez máis foron numerosas as queixas remitidas polos nosos veciños sobre o estado no que se atopa o Camiño Inglés a Santiago. Queixas que non foron as primeiras que recibimos, sendo este un tema reiteradamente traído a pleno polo Grupo Municipal Popular, a sabendas do enorme potencial non só histórico, cultural e espiritual do Camiño, senón tamén turístico, económico ou medioambiental, que merece ser obxecto de especial respecto e protección.

Neste caso as queixas centralízanse no estado no que se atopa a ponte romana á entrada do Camiño Inglés a Santiago no noso municipio, na parroquia de Sigrás. Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, ao seu mal estado debe engadirse que nos últimos días desprendeuse unha das pedras da súa estrutura, ocasionando unha fochanca que pode resultar perigosa para os viandantes, pedra que se atopa no leito do río.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro competente a adopción, á maior brevidade posible, das medidas oportunas para resolver os problemas advertidos.



Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:17:09 horas

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días asistimos a un novo capítulo da longa serie de confusión da opinión pública á que o Goberno municipal de Cambre nos ten acostumados dende hai máis de catro anos.

Xunto á “reordenación” da finca Molina para crear novas prazas de aparcamento (aparcadoiro que foi negado ata en dúas ocasións en sede plenaria polo concelleiro de Urbanismo), ata a falta de investimento doutras administracións en Cambre ou a autoría do Goberno municipal de proxectos e investimentos que non son propios do Goberno municipal, os veciños de Cambre estamos sufrindo unha longa manobra de intoxicación mediática coa que se pretende transmitir á opinión pública as bondades do equipo de goberno e a falta de sensibilidade do resto de administracións públicas para con Cambre.

Nada máis lonxe da realidade. Actitude que os veciños de Cambre non merecen e por razón da cal, dende o Grupo Municipal Popular se require do equipo de goberno municipal que, contrariamente ao que veu facendo estes últimos anos, transmita rigorosamente as noticias á opinión pública a través dos medios de comunicación.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/141 o día 27 de xaneiro de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:22:19 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Ante as últimas noticias referentes ao saneamento da ría do Burgo, dende Alternativa dos Veciños de Cambre consideramos que esta é unha débeda histórica coa veciñanza de Cambre, posto que é un motor de dinamismo para toda a comarca, con indubidable valor patrimonial e medioambiental. Coñecendo que non é competencia municipal, rogamos ao concelleiro/a informe das medidas ou actuacións previstas para a ría.

Dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:23:23 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Dende o grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Cambre, vemos de gran relevancia e necesidade a posta en marcha da Casa da Cultura, non comprendendo a demora e a non apertura ao público de toda a instalación (xa que todo facía indicar que sería aberta nas datas próximas ao período electoral). Rogamos se informe a este pleno o motivo polo que non se están a executar as obras de urbanización da contorna da Casa da Cultura de Cambre e se isto motiva que non se poida empregar o edificio integramente.



Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, dá conta da normativa urbanística aplicable e das actuacións que se teñen pensado desenvolver ao respecto.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:25:59 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Tras quedar deserta a licitación para a contratación dun avogado para tomar medidas xudiciais contra Alternativa dos Veciños, rogamos se faga público cales son os seguintes pasos que se van dar a partir de agora con este tema.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, dá conta das actuacións realizadas dende a área de contratación.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/139 o día 27 de xaneiro de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Único - Acceso á videoacta – 02:26:43 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

O día 18 do mes pasado presentósenos aos grupos municipais o resultado da auditoría de xestión mercantil en relación a Augaservi, S.L. actual prestador do servizo de abastecemento e rede de sumidoiros do noso concello. A dita auditoría foi esixida por C's Cambre no mes de febreiro de 2019 co número de rexistro 20199990000122 e explicando na exposición as causas esixíamos *“unha inspección, unha verificación da contabilidade e dos servizos prestados ao Concello de Cambre pola empresa de auga e rede de sumidoiros Augaservi, S.L., dende a súa concesión inicial o 26 de novembro de 1991, situación financeira e o cumprimento de todas as obrigas adquiridas co Concello de Cambre, ademais das posibles implicacións políticas nas decisións adoptadas por parte dos diferentes gobernos vixentes durante a súa xestión, co fin de que o Concello de Cambre poida coñecer cal é a súa verdadeira realidade económica e as posibles perdas nas que poida verse afectado.”*

Entre as moitas preguntas que nos facemos unha vez recibido o informe da auditoría, cabe resaltar a nosa sorpresa ao coñecer que o concello vén asumindo consumos de Carral e Culleredo dende hai aproximadamente dúas décadas, que non se nos explicaron a que obedecían. Por todo iso rogamos:

A que vivendas, locais ou entidades de Carral e Culleredo se lles veu subministrando a auga gratuitamente, asumindo os ditos consumos o Concello de Cambre como propios, o motivo de por que se fai e quen autorizou que se cargaran ás contas de Cambre.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 02:28:43 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/404 o día 27 de xaneiro de 2020, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:28:58 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Son numerosas as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular tense preguntado polo curso das obras que, dende a pasada primavera, se están levando a cabo na urbanización A Barcala. Obras nas que, nos últimos días, tense apreciado unha paralización acentuada que topa coa degradación dos materiais utilizados para esta obra nova, onde o verdello e mofo xa campan ás súas anchas, pese a atoparnos aínda en fase pre inaugural.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente se o cronograma das obras da urbanización A Barcala se está cumprindo, cal é a data prevista para a retirada de materiais de construción na mencionada obra, así como as actuacións previstas para acabar coas humidades, verdello e mofo que a cubre, tanto no chan, como no mobiliario urbano alí existente, pese a non ter sido aínda inaugurada, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:30:53 horas

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

No pleno ordinario do pasado mes de setembro, o Grupo Municipal Popular presentou dous rogos nos que se interesaba a reparación dunha serie de deficiencias transmitidas polos veciños e transeúntes do Paseo dos Templarios na parroquia do Temple, ata a urbanización A Barcala. Queixas veciñais que poñían de manifesto o lamentable estado no que se atopaba, e no que o mobiliario público (bancos, farois, arquetas, paneis informativos, etc.), así como o seu axardinamento, deixaba moito que desexar.

Rogos que foron aceptados na súa totalidade pola concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, quen manifestou que trala presentación dos nosos rogos enviou a un técnico ao lugar, que realizou unha visita visual e informe fotográfico e ían pasar reparar todas as deficiencias advertidas.

Pese a iso, o certo e verdade é que catro meses despois do dito compromiso nada se ten realizado no lugar e permanecen as mesmas deficiencias advertidas, ou o que é peor, agravadas polo paso do tempo, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se achegan.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira de obras, se vai cumprir e cando o compromiso adquirido hai catro meses de reparar as deficiencias advertidas no Paseo Marítimo dos Templarios.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:32:45 horas

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días repintáronse pasos de ceбра por distintos puntos do Temple, repintado que era necesario de cara a unha mellor visualización e con iso unha mellora da seguridade viaria, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Non obstante o cal, non se repintaron todos os pasos para peóns na parroquia, tal e como se aprecian nas outras fotografías que se achegan, como os estratexicamente existentes na rúa Constitución ou no Paseo Marítimo, de reiterado deixamento na súa conservación ou directamente desaparecidos, pese a ter sido solicitado o seu repintado por veciños e insistentemente por este grupo municipal durante a pasada lexislatura, de cara á mellora da seguridade viaria. Á vista do cal, dende o Grupo Municipal Popular, pregúntase á concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá que é o que se ten previsto facer cos pasos para peóns da rúa Constitución e do Paseo Marítimo no Temple.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/141 o día 27 de xaneiro de 2020, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:34:02 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Dada a coñecida situación de atrasos nos pagos por parte da empresa Expertus aos conserxes dos campos de fútbol municipais, preguntamos que avances hai no curto prazo e así mesmo como vai a licitación que se estaba barallando axilizar.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:35:23 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Varios son os veciños do Temple que contactaron co grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Cambre, amosando preocupación polo incremento da presenza de pombos, e ocasionando incomodidade na veciñanza (excrementos nas beirarrúas, atascos en canlóns de vivendas, etc...). Preguntamos se dende o concello está valorada a dita situación.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:36:33 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Tras ter preguntado no pleno do 26 de setembro de 2019 polo estado no que se atopa a solicitude de licenza para a creación dun tanatorio/crematorio ao lado do campo de fútbol Dani Mallo e a pista de skate. Dende Alternativa dos Veciños séguenos a preocupar a súa posible posta en funcionamento ao lado das instalacións deportivas onde os veciños máis novos do concello practican deporte.

Sabendo que actualmente existe o borrador dun decreto para a sanidade mortuoria de Galicia da Consellería de Sanidade, no que se especifica que os de nova construción “deberán gardar unha distancia mínima de 200

metros” respecto de urbanizacións, vivendas, residencias, centros sanitarios e educativos, instalacións deportivas e outras de carácter similar.

Preguntamos como se posiciona ante este tema o Goberno Municipal.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/142 o día 27 de xaneiro de 2020.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:38:47 horas

Nas comisións informativas da pasada semana, ante o anuncio do Goberno de Cambre da inminente apertura da biblioteca da nova casa da cultura preguntamos cales son, e que funcionario ou funcionarios asinan, os informes técnicos e xurídicos que amparan a construción e apertura da biblioteca municipal nun chan urbano non consolidado sen ter garantías da execución simultánea da urbanización.

A ausencia de resposta nas comisións, derivou nunha resposta escrita pola que se indica literalmente que: *“O informe emitido que ampara a construción e apertura da biblioteca municipal é un informe técnico que foi emitido polo arquitecto municipal, D. José Ramón Díaz Barbeito, con dada 14/02/2017.”*

Unha vez recibido este informe observamos que contrariamente ao sostido polo Goberno, non ampara a apertura da biblioteca, toda vez que indica que: *“Atópase sen executar a urbanización da UE-4, debéndose acabar esta actuación antes do inicio das actividades da nova edificación.”*

Preguntado o executivo, declara en prensa *“que os informes técnicos referidos á biblioteca só esixen que estea urbanizada a parcela onde se construíu a Casa da Cultura”* e que *“conta cos informes positivos necesarios para abrir a parte da biblioteca.”*

Se na resposta que vostedes dan unicamente mencionan un informe, que indica que se ten que executar a urbanización da UE-4 antes do inicio de actividades, déronnos información incompleta ou falsa nas comisións informativas?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:40:50 horas

Poden entregarnos os informes técnicos e xurídicos aos que fan referencia en prensa, e que amparan que poidan abrir a biblioteca antes de executar a urbanización da UE-4?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:41:26 horas

De existir eses informes poden dar lectura nesta sesión aos extractos que amparan a dita apertura, así como o técnico ou funcionario asinante e a data de emisión deses informes?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/139 o día 27 de xaneiro de 2020, xunto co rogo presentado para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:44:44 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Que tipo de “reparación” se levou a cabo mediante obras en solo de Oleiros relacionado coa rede de sumidoiros e saneamento de vivendas en Cambre?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:47:30 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Quen asumiu os custos das ditas obras?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:47:35 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Quen autorizou as ditas obras?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

Antes de finalizar a sesión, o señor presidente manifesta que se vai tratar o punto 4.1 da orde do día, relativo aos informes do equipo de goberno, que por erro quedou pendente de tratar nesta sesión.

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 02:48:00 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2580/2019, do 17 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María del Carmen Pan Matos, desde o día o 23 de decembro de 2019 ao 2 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por esta Alcaldía, quen ostenta a delegación xenérica da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María del Carmen Pan Matos continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.



Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2600/2019, do 19 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto dende o día 23 de decembro de 2019 ao 5 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2650/2019, do 26 de decembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona María Dolores Pan Lesta dende o día 2 ao 7 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución 1323/2019, do 1 de xullo.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente
Juan González Leirós

A secretaria xeral
María Luisa de la Red Ampudia